

ADDENDA Á CONCRECIÓN CURRICULAR DAS PROGRAMACIÓNS

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE RELIXIÓN

O curso estrutúrase en tres avaliacións que serán cualificadas cunha nota numérica enteira, a cualificación obtida será unha nota de 1 a 10, sendo a nota mínima para aprobar dun 5.

En canto as porcentaxes que serán aplicadas na cualificación valorarase cun 50% da nota nas probas escritas (unha por cada avaliación), podendo ser estas substituídas por un traballo, deste xeito amosarán unha avaliación positiva en relación aos contidos mínimos esixibles.

Tamén cabe destacar que neste apartado, o profesor avaliará continuamente e de xeito oral aos seus alumnos/as a base de numerosas cuestións sobre a materia ou dos distintos temas que se estean abordando nese momento, polo que estes criterios de cualificación: proba escrita ou traballo obrigatorio, tamén poderán ser substituídos por puntos positivos a maiores na nota final, outorgando un máximo de cinco puntos positivos por alumno /a en cada avaliación.

Os procedementos para unha valoración serán dun 25%, téndose en conta a revisión periódica do caderno do alumno/a, como a súa presentación e estruturación, apuntes, exercicios e outras actividades, ademais do traballo na aula, individual e en equipo.

A actitude e o esforzo son esenciais para obter unha cualificación positiva e valoraranse outro 25%, téndose en conta a súa participación activa na aula, o seu esforzo persoal, a súa predisposición para realizar as tarefas en grupo amosando sempre unha actitude positiva cara á materia e o profesor/a de Relixión, evitando condutas agresivas ou disruptivas, coidando dos materiais e instalacións da aula, traendo e coidando dos seus propios materiais, etc.

A ASISTENCIA SERÁ OBRIGATORIA PARA PODER SUPERAR A MATERIA.

En resumo, á hora de avaliar teranse en conta os seguintes criterios:

CUESTIÓNS ORAIS, EXAME ESCRITO OU TRABALLO: 50%

TRABALLO NA AULA: 25%

ESFORZO E ACTITUDE: 25%

A nota final de Xuño será a media das tres avaliacións. Se algún alumno/a suspende máis dunha avaliación deberá facer unha proba escrita final global, podendo ser esta substituída pola entrega dun traballo segundo o acordado co profesor/a.

Dende a terceira Avaliación ata avaliación Final, o alumnado que teña unha valoración positiva en dúas ou máis avaliacións pode aumentar a súa nota nun máximo de 2 puntos cos traballos que se realizarán de consolidación de coñecementos.

Ribeira, 29 Marzo 2022

Profesora do Departamento de Relixión: M^a Dolores Reiriz Figueiras

Asdo. M^a Dolores Reiriz Figueiras

